

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP RAQUEL CAMACHO

CURSO: 2ºEP

**MATERIAS : Lingua Galega, Valores sociais e cívicos, C. Naturais,
Matemáticas, L. Castelá, C. Sociais e Plástica,**

DATA: 7 de mayo de 2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
 - 1.1 Lingua Galega**
 - 1.2 Valores sociais e cívicos**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1.1 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (Lingua Galega)	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións e textos.	.Integra coñecementos e informacións procedentes de ilustracións e textos.
. Comprender e localizar información explícita en medios dixitais sobre o texto	Le en medios dixitais, de maneira autónoma e reflexiva e guiada por un adulto, un fragmento do conto animado e extrae información.
. Comprender informacións audiovisuais sinxelas.	Comprende informacións relevantes sinxelas de documentos audiovisuais.
. Producir e reescribir textos sinxelos sobre a vida cotiá	Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa vida cotiá
. Usar xogos interactivos para practicar o abecedario, a diferenciación de palabras e sílabas e as maiúsculas e o punto.	Practica os contidos aprendidos con xogos interactivos
.Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación.
. Recoñecer, de forma guiada, os elementos básicos do sistema lingüístico: as palabras e as sílabas.	Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.

1.2 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (Valores sociais e cívicos)	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Valorar o uso responsable das fontes de enerxía do planeta.	Toma conciencia da limitación de recursos enerxéticos
Consolidar unha forma persoal de ser respectable e digna.	Explica a importancia de querer-se a un mesmo e de querer aos demais.
Entender a importancia de dereitos básicos como é a educación	Entende a importancia dunha boa educación.
Mellorar na resistencia á frustración como algo conveniente para superar as dificultades da vida.	Representa a súa personalidade de xeito positivo.

1.3 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (ciencias naturais)	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer as partes do corpo e as principais articulacións.	Sinala as parte do corpo en distintas imaxes e localiza nas mesmas as principais articulacións.
Diferenciar ósos e músculos.	Identifica as diferencias entre músculos e ósos. Coñece algún nome dos músculos e ósos e os sitúa en xogos on line e en imaxes.
Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade.	Identifica os alimentos diarios necesarios para unha alimentación saudable.
Identificar as principais características e comportamentos de animais para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno.	Identifica as características de seres vivos e inertes diferenciando animais vertebrados e invertebrados e as características elementais dos vertebrados.
Identificar as principais características e comportamentos de plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno.	Identifica as partes principais dunha planta e coñece as súas funcións.
Identificar e describir a auga como recurso fundamental para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable.	Coñece as características da auga e os seus estados e identifica os hábitos precisos para facer un uso responsable.

1.4 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (matemáticas)	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Ler e escribir os números do 0 ao 999	Identifica os números do 0 ao 999 e escribe o seu nome.
Recoñecer o valor posicional dos números	Descompón as cantidades en sumas de centenas, decenas e unidades.
Ordear números de maior a menor e de menor a maior	Ordea números de maior a menor e de menor a maior e identifica e usa os signos > <.
Realizar sumas e restas con levadas e multiplicacións por unha cifra sin levadas.	Realiza sumas e restas con levadas e multiplica por unha cifra sen levadas(táboas do 2, 3, 4, 5 e 10)
Solucionar problemas relacionados coa vida cotiá	Soluciona problemas recurriendo as operacións de suma , resta e multiplicación .
Coñecer as unidades de medida (metro, quilo e litro)	Relaciona as unidades de medida cos elementos que poden medir.
Coñecer as unidades básicas de medida do tempo .	Le o reloxo analóxico e pon as horas nun reloxo dado(en punto e media)
Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	Coñece o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas para resolver problemas sinxelos..

1.5 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (lingua castelá)	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes.	Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.
Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación axeitada a cada acto comunicativo e propia da lingua castelá.
Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatizar cando é preciso.	Le diversos textos en silencio e en voz alta coa velocidade adecuada e entende o seu contido para chegar á autonomía lectora.
Comprender e localizar información explícita e relevante en textos sinxelos.	Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica coma os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).
Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís.	Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís. Aplica de maneira xeral, as regras ortográficas. Redacta unha descripción seguindo uns pasos dados.
Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión de textos.	Ilustra creativamente os seus textos.
Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	Presenta os seus textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.
Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.	Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas: o punto, as maiúsculas, a coma.
Recoñece a relación entre o son e grafía.	Recoñece a relación entre o son e grafía: b- v; r –rr-; c, z.; c, qu ;j- g, gu, gü; ll-y

<p>Utilizar a terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.</p>	<p>Utiliza conceptos gramaticais para resolver actividades: nomes comúns e propios, individuais e colectivos, xénero e número, adxectivos, artigos, determinantes, pronomes, verbos. Diminutivos e aumentativos Sinónimos, antónimos, palabras compostas. Tipos de oracións: enunciativas, interrogativas e exclamativas.</p>
<p>Recrear e reescribir diversos textos literarios usando modelos.</p>	<p>Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.</p> <p>Valora os textos da literatura castelá como recurso de gozo persoal.</p>

1.6 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (ciencias sociais)	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	Identifica a terminoloxía propia da área.
Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio.	Describe a organización social da contorna máis próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio.
Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo.	Elabora algúns mapas mentais sinxelos.
Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema, identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e despertando actitudes de defensa, respecto e recuperación del.	Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.
Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire.	Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.
Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras máis representativas da comarca e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuír á súa conservación.	Explica algunhas festas, costumes, folklore... propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.
Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e como persoa usuaria de medios de transporte.	Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón nos medios de transporte.
Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.	Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.
Observar e localizar os lugares nos que hai auga doce e salgada.	Identifica os lugares onde hai auga doce e salgada na súa contorna. Explica como se forman as nubes e por que chove. Describe ordeadamente as fases do ciclo da auga.
Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta.	Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior. Coñece e leva á práctica accións positivas para a protección do medio natural.

1.7 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (plástica)	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Recoñecer as principais partes da figura humana e a súa correlación con outras.	Recoñece as principais partes da figura humana e a súa correlación con outras.
Observar as expresións de distintos rostros e produce xestos equivalentes en varios óvalos faciais.	Observa as expresións de distintos rostros e produce xestos equivalentes en varios óvalos faciais.
Saber colocar con precisión os distintos elementos que conforman o corpo dun animal.	Sabe colocar con precisión os distintos elementos que conforman o corpo dun animal
Gozar creando e sinalizando distintos tipos de flores.	Goza creando e sinalizando distintos tipos de flores.
Discriminar con facilidade os elementos que caracterizan a modelos dados e completar outros segundo as súas preferencias.	Discrimina con facilidade os elementos que caracterizan a modelos dados e completa outros segundo as súas preferencias.
Recoñecer e sitúa os elementos característicos dunha paisaxe de montaña de modo que se perciban os distintos planos.	Recoñece e sitúa os elementos característicos dunha paisaxe de montaña de modo que se perciban os distintos planos.
Aplicar as témperas sobre un modelo observado previamente buscando un resultado esteticamente apreciable.	Aplica as témperas sobre un modelo observado previamente buscando un resultado esteticamente apreciable.
Colorear harmoniosamente os elementos dunha composición, recórtalos con exactitude e despois colócalos no lugar axeitado.	Colorea harmoniosamente os elementos dunha composición, recórtalos con exactitude e despois colócaos no lugar axeitado.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Os traballos escritos, fotografías e vídeos do alumnado durante este trimestre serán recollidos polo correo electrónico das mestras correspondentes e por mensaxería.
	Instrumentos: Fichas con preguntas para resolver, vídeos e fotografías das actividades do alumnado na casa e recibidas a través do correo electrónico, actividades interactivas, resolución de dúbidas por teléfono.
Cualificación final	Farase a media da primeira e segunda avaliación. A nota da terceira avaliación servirá para mellorar dita nota media nun 10%, ou para recuperar as avaliacións pendentes, en ningún caso prexudicará ao alumno ou alumna.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	
Actividades	Faranse actividades de repaso, recuperación, reforzo e de ampliación, fichas fotocopiadas que o Concello reparte ao alumnado sen conexión.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Empregarase unha metodoloxía activa mediante: Distribución de tarefas diversas e motivadoras, a búsqueda de información, uso de xogos e vídeos educativos na web, esquematización de información etc. As explicacións mandaranse escritas a través da páxina web do colexio. Resolveranse as dúbidas a través dos correos electrónicos e incluso telefonicamente. Toda a metodoloxía utilizada no 3º trimestre levará ao alumnado a unha mellora moi considerable da competencia dixital.
Materiais e recursos	Libros e cuadernillos virtuales e páxinas web educativas.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O alumnado e as súas familias estarán informadas polo correo electrónico, mensaxería e por abalarmóbil. Tamén se chamará por teléfono as familias para que se sintan acompañadas, sobre todo a aqueles alumnos e alumnas que máis o necesiten.
Publicidade	Publicarase o traballo na páxina web do colexio.